

VELINO R. ELIAS.



# Aturuxos.

Contos, Epígramas

é

Cantares en Gallego.

Tip. Carranque, — VIGO,

C-111  
13

M. 12735

C 111  
13

R. 3552

# Aturuxos.

CONTOS, EPIGRAMAS



CANTARES EN GALLEGO.

POR

*Avelino R. Elías.*




VIGO

TIP. DE F. CARRANQUE.

1895.

R. 12659



## ADICATOREA.



A meu quirido hirmán

Xan R. Clías,

*Redactor que foi d'a BANDEIRA ESPAÑOLA de Buenos Aires, e d'a UNIÓN GALLEGA de Montevideo, y-amais colaborador de outros varios preó-dicos.*

---

Ao decidirme á dar á stampa esta colección de versos esquirtos n'o dialeuto d'a tua amada Galicia, ¿á quén sinón á tí dedica-l-os?


Sin os teus consellos é palabras de ánimo, quizáis nunca os probes ATURUXOS houberan saido d'o fondo d'o

— 4 —

caixón adonde repousaban plorando  
a sua probeza; e pois tí fuches, coma  
quen dice, o padriño, xusto é qu'o  
teu nome vaya eiquí xunto c-o

d'o AUTOR.

**CONTOS.**



## GRAN ROMEDIO.

=

—Hola, Chuco, ¡Qué triste andas!  
¿Qué morriña trás enriba?

—No-m'o perguntés siquera,  
qu' as carnes se m' harrepian  
sosmente de recorda-l-o.

—Pois and' home, cont' axiña,  
qu' o chorar nada romedia.

—Tés razón, por miña vida.  
Ti xa sabes que Piscuala,  
miña mais quirida filla,  
é de toda-l-as d' aldea  
a rapaza mais garrida,  
e non sei s' outra com' ela  
haberá eiquí ou n'a vila.

—Ben-a conezo e ben sei  
que nada d' iso é mintira.

—Pois ben; sendo tan fermosa

— 7 —

como sabes, y-amáis rica,  
¿de quén me dirás que foi  
á namorar a maldita?

—!Eu que sei!

—Pois d'o rapaz  
mais feo qu' eiqui se cria.  
—E ¿quen é el?

—E o larpeira  
d'o fillo d'a tia Mingas,  
que, como feo, ó mais feo  
non lle pode ter cobiza,  
e que, por s' iso era pouco,  
é mais probe qu' as formigas.  
¿Non-o coneces?

—;Si, home!  
—Ben; eu agora quiría  
que me desen un romedio  
pra qu'a miña Piscualiña  
lle perdera de contado  
o cariño...

—;Acabarías!  
Apricall' o meu romedio.  
—Y-é seguro?


— 8 —

— Com' a figa  
pr' as bruxas.

— Cal é?

— Casá-l-os!

— Non será mentras eu viva!  
— Mais que bruto Dios te deu!  
¿Non sabes qu' os quince dias  
de casados, lle perdeu  
x' o cariño a rapariga?





## COUSAS DE RAPACES.

=

Bastian é Maruxiña,  
que'eran primos carnales,  
decote andaban *troula que te troula*  
por-isos trigos de Dios adiante,  
sin qué ninguén, ni-o mesmo pai d'a  
(nena)  
d'elo se porcatase,  
pois cando Xan d'a Ponte, home pur-  
(dente,  
lle chamab' a atención, o badulaque  
decía erguend'as costas:  
—Son cousas de rapaces.

O tempo así pasou, hasta qu'un día  
(que, según me dixeron ¡era martes!)  
sentiuse Maruxiña un pouco mala...  
quizáis d'as humedades  
que colleu trouleando po-l-os campos  
c'o tal primo Bastian ¡qu'era unh'a al-  
(haxe!  
Entón x'o pai d'a moza algúin coidado  
encomenzou a ter, mais xa era tarde,

porqu'ó final de contas, en aboelo  
mirouse convertido... por milagre.  
Y-ó ver á Xan d'a Ponte, que chegaba  
n'aquel supremo trance,


—¡Canta razou tí tiñas!—exclamaba  
tirando d'os cabelos con coraxe.

—Non tal, qu'a tiñas tí—dixoll'o outro  
con malicia sonríndose, é mostran-  
(dolle

o recién nacido:—¿n'é un neníño?

Pois logo *sónche cousins de rapaces.*





## N'O DESENCLAVO.

==

(CONTO VELLO)

Tiñan d'antes por costume  
en moitísimas eirexas,  
o representar ao vivo  
—n'a somana derradeira  
d'isas sete qu'en xuntanza  
fan o que chaman Coaresma—  
parte d'eo grandioso drama,  
ou, mais que drama, poema  
qu'aló n'o monte Calvario  
tuvo un final qu'en grandeza  
nada igualou hastr'agora;  
leución que deu á soberbia  
a humilda d'un Home Xusto;  
alborada pracenteira  
d'unha nova libertá  
qu'hoxeinda ven n'alumea.

Pro deixando digresions  
ás qu'o conto non se presta,  
cal comprenderás, leutor,  
metámonos en materia.

Un ano en somana santa,  
n'a eirexa de Paradela,  
seguindo aquela costume.  
qu'enriba citada queda,  
dispux'o abade facer  
do *descendimento* á scena..

Pra facer de Xesu-Cristo,  
buscous'a Roque Pereira,  
qu'acostumado á estas cousas,  
é tan xeitoso com'era,  
faria ben o papel.

Súa filla Rafayela,  
qu'era unha moza garrida  
cal ningunha e guapeteira,  
seri'a Virxe Maria.


Por último, Xan Barbeita  
qu'era, amais de fachendoso,  
un pillo de sete suelas  
pr'as mulleres, encargouse  
de facer á sua maneira  
d' apóstol Xuan. (Scilo cito  
d' antre tod'a patuleya  
estas tres persoas, porque  
son as que nos interesan.)  
Preparados todos eles  
e estudiados a concencia  
os papeles respectivos,  
chegou, *leomo todo chega!*

o dia d'a ceremonia.  
Cheiña de todo a eirexa  
ni unha persoa tan soilo  
cabfa xa dentro d' ela.

No frente d'o iltar maor  
estaba o lugar d'a scena,  
que quedou ao descuberto  
cand'o abade s'empoleira  
n'o seu púlpito é o sermon  
qu'è de rúbrica encomenza,


Roque colgado d'a cruz  
y-os demais ó pé d'a mesma,  
aguardaban o momento  
en que principiar deberan  
o ceremonial aquel;  
e interin qu'a xente atenta  
ás palabras d'o abade  
non reparaba n'a 'scena,  
Xan empezou á facer  
monadas á Rafayela,  
que n'o principio enfadouse,  
d'o seu honor en defensa...  
é por último acabóu  
por consentir tales festas.  
Non foi ó mesmo seu pai,  
pois él, cansado de veras  
de consentir tales cousas,  
sentido fogo n'a testa

e crispándosell' os nervios,  
dirixíndos' a Barbeita  
asi-po-l-o baixo exclama:  
-¡Deixa estar, San Xuan de m... (·)  
qu' acabando de ser Cristo,  
xa che darei para peras!



---

(·) Perdón, leitor; é así o conto.



## O FOL DE ROSA.

—

Rosa d'as Triscas  
iba pr'o muiño,  
é n'o camiño  
rompeull' o fól  
o larpeirazo  
de Xan Melías,  
qu' hay poucos días  
viu d'o Ferrol.

—  
Ao ve-l-o conto  
desnaquizado  
y-amais ciscado  
todiñ'o gran,  
a rapaciña  
¡claro! choraba  
y-á Dios clamaba  
con louco afán.

—Non chores, nena,  
(dix' o larpeira);  
mañán n-a feira  
che comprarei  
un fól noviño  
pra darch' en pago  
d' o que tan vagó  
ch' escalacei.


— E respondeulle  
a rapariga:  
— Sr. Xan, diga,  
se pode ser  
que vosté atope  
outro en dous dias? —  
e diz Melías:  
— ¡N'ha de poder!

Pois ben nou pudo  
Xan atopa-l-o,  
anqu' a busca-l-o  
se dedicon;

y-a probe Rosa,  
por un malvado  
desconcienciado,  
sin fol quedou.

*Coidado, nenas  
que vais ó muíño;  
ter coidadiño  
por voso bén,  
non tend' o demo  
un día as redes  
y-alí quededes  
sin fol tamén.*





## PO-L-O BOMBO.


=

—De maneira que tí queres  
á Fanchuca de Xan Porco  
que por ser como é, tan fea,  
non-a quere ningún mozo.

Fáltanll' á probe tres dentes;  
é nacha, torta d'un ollo  
y-hastrá é coxa (¡malpocada!)  
por si o demáis era pouco.

Abofellás que non sei  
coma queres tal *toutouxo*,  
habendo com'hai n-aldea  
ra paciñas cal repoios.

—E ¿ti non sabes, burrán,  
que si á Fanchuca namouro  
fágoyo po-l-as pesetas  
que tén por miles Xau Porco,  
o pai da'moza en custión?  
Eu vouche sempre ó nagocio,  
qu'a min si m'agrad'a múseca,  
eche soilo po-l-o bombo.



## ¡BEN FEITO!

=

Por Saxamons elixiron  
diputado á Xan Parleiro,  
á quen xamáis o peteiro  
abrir n'o Congreso viron.  
Seus eleutores sintiron  
coma é natural o fiasco,  
e, pra vengarse d'o chasco  
pensaron darll'unha borma,  
ó diputado, de forma  
que picase mais qu'un tasco.

—


Y-en efecto, certo día  
recibiu o diputado  
un caixón condicionado —  
coma cousa de valía.  
Abríuno e ¿qu'era o que había?:  
unha *albarda* y un comprido

— 20 —

esquирto asi concebido;  
„Ao diputado camueso,  
pra qu'a *vista* n'o Congreso.  
O distrito agardecido.”



**EPIGRAMAS.**



## I.

O-abade de Ponteveldros  
ten á fama de criare  
todo-l-os anos un porco  
gordo com' un alefante;  
por iso os seu feligreses,  
con inocencia adourable,  
—N'hay porco, din, n-a ccmarca  
com' o porco d' o abade.

## II.

Por meters' á descutir  
con Bras, que ten moi mal xénio  
un bon fungueirazo Euxénio  
tuvo logo que sintir;  
y-oucindoll' onte dicir  
á Xacobe de Borbén,  
qu' é home que pensa ben,  
«d'a descusión sal' a luz,»  
respondeull' o avestruz:  
—Y-os fungueírazos tamén.

III.

D'a república d'as letras  
ll'e falaron á Quintin,  
qu' é moi burro, e perguntou:  
—¿Donde cadra ise pais?

IV.

Ao seu novio o artilleiro,  
querlle moito Margarita,  
porque, segün ela dice,  
tén moi boa puntería.

V.

Os últimos sacramentos  
administráronll'à Xil,  
y-ó sabel-o, certa vella  
moi beata, dixo así  
antre vágoas e saloucos  
que daba delor oucir  
—¡Ai, meu Dios, qu'os derradeiros  
sacramentos lévaos Xil;  
y-agora s'eu me morrera,  
ningún houbera pra min!

VI.

—Si cando Dios fix' o mundo  
(díxoll' on crego un rapaz)  
non había unha muller,  
¿quén amamantou á Adán?

—Ai, meu fillo, ¿tí non sabes  
(respondéu sin cavilar)  
qu' ó nacer, Adan xa tiña  
vintecinco anos d' edá?

VII.

Eu non sei con que sentido  
dix' o taberneiro Anido  
mirando á fonte d'o Cano:  
—Catorce pipas n'un ano...  
¡Canto viño vai vendido!

VIII.

Non sei que pasa antr' os doux  
qu' ela dice moi quedíño:  
—Ponte quedo, Xan ou demo,  
qu' onte, c'os teus enrediños,

— 25 —

me rompeche-l-o pandeiro  
que me tocaba Toniño.

IX.

—¿Por que queres á Gaspar,  
o fillastro de María,  
despreceando á Boltasar?  
—Porque aquel sab' amontar,  
que foi de caballería.

X.

Onte, domingo, n'a misa  
dix'o crego de Porcaño:  
—Quinta feira é dia d'aúno,  
seugún reza o calendario.  
E respondeulle un mayestro  
d'escola:—E'diga, don Casto,  
¿cando é dia de comer?  
qu, eu x'aúno tod'o ano.

XI.

Cando come alguha nóz  
o abade d'a Portela,

coma o probe non tén dentes,  
quen lla casca é Sicudera.

XII.

Ser o sultán d' un serrallo  
ou o galo d' un corral  
ou crego d' unha porroquia,  
pra min todo vos é igoal.

XIII.

—¡Ostras d'a Ponte-Sampayo!  
—¿Canto custa media ducia?  
—Tres reas é medio.  
—¡Caráneo!  
son caras; xa no-me gustan.

XIV.

O borrachin de Gaspar  
agárrou un costipado,  
y-o doutor, D. Roque Amado,  
logrou face-l-o suar;  
pro mais tarde, ó reparar  
d'o suor n'o cheiro ardente,

dixoll' á xente presente  
medio sonrindo o doutor:  
— Recoller este suor,  
qu' é unha soberbia augardente.

XV.

N' un ensámen de garmáteca  
lle dixeron á Luis.  
estudeante aproveitado:  
— Conxuga o verbo parir,—  
y-el respondeu:— Ise verbo  
non-o aprendemos eiquí,  
porque n' é 'scola de nenas.—  
¡Si será listo Luis!

XVI.

Por un rio de Castela  
iba un rapaz arrastrado,  
e se salvou agarrado  
on amieiro d'a orela.  
— Arbol, dix' o galopín,  
ti salvach' a vida miña,  
qu' a intinción que Dios che tiña  
enseguid'a coneclin.

XVII.


Por cada novio que tés  
perdes duas libras de carne;  
és desgraceada qu' nai outras  
que ch' engordan c-os rapaces.

XVIII.

—¡X'agora naide me quer'  
xa n' hay *consolo* pra min!—  
plorando á mais non poder,  
exclamaba dñ Xuaquin  
n-a morte d'a sua muller.  
E mintiá o condanado,  
pois que tiña, alá en Ermelo  
relacions po-l-o calado  
c'unha tal doña *Consuelo*,  
viuda d'un abogado.



# CANTARES.





I.

Porque che furtei un bico  
m' arreaches doux sopapos;  
ié certo qu'a penitencia  
vai decote c' o pecado!

II.

Cando vayas o muiño  
has de dicir ó muiñeiro  
que non che bula n'a roupa,  
coma sempre está faguendo.

III.

Si á pedirche vai algún  
craveles do teu xardin,  
non lle deas siquera un,  
qu' están gardados pra min.

IV.

Fai un ano que me deches  
un biquiño n'a tua horta,  
y-o recorda-l-o, indas hoxe  
auga se me fai á boca.

v.

Pídoch, Rosa, un biquiño  
e me dices qu' é pecado;  
ben, roubareicho, qu' así  
soilo eu serei condanado.

vi.


Por-un biquiño tan soilo  
diz que che votou o crego  
seis salves de penitencia.  
¡Si chega á ser medio cento!...

vii.

*A X....*

N-un corrunchiño d'o peito  
e n-un altare rubida,  
a tua imaxen quirida  
pxuen un dia, con xeito  
d'adoura-l-a tod'a vida.





PRECIO 2 RS.